

**CIG****Boletín  
Sindical**

Nº 78 - 2024

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

# Por unha xubilación digna para todas e todos

## A CIG convoca asembleas e mobilizacións o 5 de xuño

Menos de ano e medio despois de aprobar a última reforma das pensións, o Goberno español prepara unha modificación da xubilación parcial e da anticipada por coeficientes redutores. Na súa práctica habitual, o executivo autodenominado 'máis progresista da historia' usurpa os dereitos de representación institucional das centrais coa condición de máis representativas, como a CIG, e suplanta os organismos oficiais polo diálogo social, ese gran enterrador de dereitos.

En resposta á falta de información sobre o que se está a negociar, a CIG ten en marcha unha campaña en defensa do dereito a unha xubilación digna para todas e todos. Neste marco, o pasado 9 de maio, realizáronse asembleas de delegados e delegadas en todas as comarcas e concentracións diante da Delegación do Goberno na Coruña e as Subdelegacións de Pontevedra, Lugo e Ourense.

As protestas terán continuidade o próximo 5 de xullo con novas asembleas comarcais e mobilizacións diante das oficinas do INSS para reivindicar transparencia, que se teñan en conta as propostas da CIG nestas materias e os seus dereitos de participación institucional.

Con este obxectivo, e a instancias da CIG, o secretario xeral, Paulo Carril, e o secretario confederal de Negociación Colectiva, Francisco González Sío, reuníronse o 16 de maio en Madrid co secretario de estado de Seguridade Social.

No encontro denunciouse a opacidade e o secuestro que fai o Goberno español deste cambio normativo a



través do diálogo social, saltándose os organismos públicos, e a negativa a respectar o papel institucional de todos os sindicatos que, como a CIG, teñen a condición de máis representativos.

### Constátanse os recortes

Confírmouse tamén que se pretende avanzar nunha solución que endurecerá a xubilación parcial, acabando con este dereito aos 61 anos, establecéndoa a partir dos 63 e só para un colectivo limitado. Ademais, advirte Carril, esta reforma "non vai ser xusta nin no recoñecemento de coeficientes redutores para moitos sectores de actividade, nin tampouco o mecanismo terá a axilidade para permitir que se recoñeza con celeridade o acceso a este dereito para novas actividades e profesións que teñen condicións especialmente penosas, perigosas e de insalubridade".

Para González Sío chamou a atención como o Ministerio de Seguridade Social se suma "de maneira entusiasta" á aposta pola privatización

da sanidade pública ao colaborar na posta en marcha do que a patronal estatal, CCOO e UGT pactaron no VAENC para que os procesos de IT e as patoloxías derivadas de enfermidades músculo-esqueléticas sexan tratadas polas mutuas, que "xa son hoxe un instrumento de abuso enorme".

Cualificou de "escandaloso que o Goberno actúe ao ditado deste VAENC sen pasar polo Congreso nin por ningún ámbito institucional, nunha materia tan crítica como son os cuidados da saúde das persoas traballadoras".

A CIG reclama que se restabeza o dereito á xubilación parcial aos 61 anos para todas as persoas traballadoras e sectores, non só para a industria manufacturera; recuperar a xubilación aos 65 anos, e voluntaria a partir de 35 anos cotizados, reais ou por aplicación dos coeficientes redutores en determinadas profesións; e recoñecer e mellorar os procedementos para acceder aos coeficientes para anticipar a xubilación sen recortes e con todos os dereitos.

# O sector da limpeza de Pontevedra e da Coruña aposta polo conflito para avanzar en dereitos

As traballadoras da limpeza das provincias de Pontevedra e A Coruña, ao igual que fixeron as compañeiras de Lugo antes, están en pé de loita para reclamar unhas condicións laborais e salariais dignas e rachar co bloqueo da patronal estatal, ASPEL, á negociación colectiva.

A secretaria nacional da CIG-Servizos, Transi Fernández, denunciaba durante unha protesta do sector en Vigo que, tras 16 xuntanzas, foi imposible un acordo no convenio de Pontevedra “porque a patronal se nega a introducir a cláusula de revisión salarial e a reducir a xornada”, ademais de insistir nunha suba dos salarios “de risa”.

Avanzou que, de non chegar a acordo para pactar un novo convenio colectivo na mediación do AGA prevista a partir do 17 de xuño, “teremos un outono quente que incluírá convocatoria de folga”.



Na Coruña, a firme disposición do persoal a loitar forzou a patronal a recuar nas súas pretensións e recoñecer o incremento salarial do 9,8% pendente dende xaneiro, da cláusula de revisión recollida no anterior convenio.

Unha primeira vitoria sindical, sinala Paulo Rubido, representante

da CIG, “resultado de combinar a mobilización e a actuación xudicial” coa presentación dunha demanda de conflito colectivo. Mais lembrou que o conflito laboral continúa aberto “porque falta por negociar o novo convenio colectivo”, polo que prevé unha dura loita á volta do verán.

## O entreguismo do sindicalismo español na sanidade privada evidencia a necesidade dunha maioría da CIG

O asinamento do preacordo para o convenio da sanidade privada da provincia da Coruña manifesta a necesidade de contar cunha maioría sindical da CIG, de ter á fronte das negociacións a un sindicato que acredite na capacidade mobilizadora da clase traballadora e capaz de transformar esa capacidade en melloras reais das condicións laborais e salariais.

Despois de nove xornadas de folga e innumerábeis accións de protesta, UGT e CCOO asinaron un preacordo coa patronal que supuxo finalizar a mediación aberta, “impedindo que a presión exercida polas traballadoras servise para dar un salto cara a diante na mellora do convenio”.

O responsábel de Negociación Colectiva da CIG-Saúde, Miguel Tizón, salienta que todos os avances acadados nesta negociación foron posibles



grazas á loita continua e intensa desenvolvida polo persoal nos últimos meses, logrando evitar tamén o recorte de dereitos pretendido pola patronal.

Tizón lembra que foi a CIG “quen mantivo a presión e traballou arreo, tanto na mesa de negociación como mantendo o conflito na rúa, para conseguir o mellor acordo”. De ter CIG a maioría de representación na mesa, a loita podería continuar até conseguir as reivindicacións fundamentais do sector.

Máis vergoñento aínda é o caso de Lugo, onde UGT e CSIF renunciaron mesmo á negociación, dando por boa a primeira proposta patronal, sen intentar sequera mellorar as condicións do convenio (malia que a patronal remitiu un segundo documento incorporando algunhas das demandas da CIG), e promovendo unha consulta falaz e sen garantías entre o persoal coa que pretenden lexitimar o seu entreguismo sindical.



# O pobo galego clama contra o proxecto depredador de Altri

As rúas de Palas de Rei quedaron pequenas para acoller as 20.000 persoas que o pasado 26 de maio participaron na manifestación contra a fábrica que Altri proxecta instalar no corazón da Ulloa, evidenciando o rexeitamento masivo do pobo galego a este proxecto depredador dos nosos recursos e ao modelo de industria de enclave que representa.

Mais a loita social para evitar que este proxecto se materialice ten que continuar, nas institucións e nas rúas, e por iso xa está programada outra gran mobilización para o 30 de xuño en Compostela.

A CIG, que acudiu a manifestación de Palas cunha faixa propia baixo o lema “En defensa da nosa terra, Altri non” e no seu día fixo campaña de recollida e presentou alegacións contra o proxecto, critica que o goberno de Rueda o declare de utilidade pública e proxecto industrial estratéxico. “Estamos diante dun modelo depredador dos nosos recursos naturais, con grave



impacto ambiental, social e económico”, denunciou o secretario xeral da CIG, Paulo Carril.

Para a CIG é inaceptábel o financiamento público, moito máis con fondos europeos, polo que implica de endebedamento público. Reclama que se teñan en conta varios apartados -propostos pola central sindical- no informe do CES de Galiza, incluídos no trámite do Anteprojecto de Lei de Promoción dos Beneficios Sociais e Económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza, e cuxo proxecto de lei vén de ser remitido ao Parlamento.

Nestes recóllese que os proxectos industriais teñen que pechar os ciclos produtivos en Galiza; respectar o ambiente e a idiosincrasia dos lugares onde se asenten; garantir o saldo de emprego neto e retorno económico e social e protexer as terras e lugares dedicados ao abastecemento de alimentos, para priorizar a soberanía alimentaria sobre intereses industriais.

Pero até o momento non se coñece ningún plan de industrialización ligado ao sector do papel, cartón e téxtil, que promova o peche dos ciclos produtivos en Galiza e aumente o valor engadido en sectores básicos da nosa economía.

## O Estado español continúa incumprindo a Carta Social Europea na contía do salario mínimo

O Estado español segue a incumprir co establecido na Carta Social Europea ao fixar unha contía para o Salario Mínimo Interprofesional inferior ao 60% do salario medio. Para este ano decretouse un importe de 15.876€, mais, segundo os datos publicados por Eurostat, o salario medio bruto anual no Estado español en 2023 foi de 30.237€.

Isto significa que o SMI aprobado para 2024 representa só o 52,50% do salario medio recollido por Eurostat, cando debería ascender, polo menos, a 18.142€/ano e a 1.295€/mes.

Confírmase o que a CIG leva anos denunciando, especialmente desde que o Estado español se adheriu á última versión revisada da CSE: que a pesar da propaganda, o Goberno se-

que sen cumprir co artigo 4.1, motivo polo que o sindicato xa presentou unha reclamación colectiva perante o Comité Europeo de Dereitos Sociais (CEDS) que está pendente de resolución.

Tomando como referencia os datos da Axencia Tributaria, para este 2024 a CIG solicitou aumentar o SMI até os 1.253€/mes, en 14 pagas; unha contía que difire minimamente da reflectida por Eurostat.

Neste senso, a CIG leva tempo reclamando que para calcular o salario medio non se utilice a Enquisa anual de estrutura salarial do INE, senón que se siga o criterio do CEDS. De feito,

o organismo europeo xa instou a España, en múltiples ocasións, a elevar o seu SMI e vén considerando que a situación actual non é conforme ao que se determina para garantir un nivel de vida digna.

A CIG lamenta que o Goberno español, co aval de UGT e CCOO, siga sen cumprir coa CSE, reclama que se

aprobe un incremento do SMI que o sitúe realmente no 60% do salario medio e que se empregue o método de cálculo do CEDS, que obtén os datos do Eurostat, porque a Carta Social Europa non chega con asinala, tamén hai que cumprila.

**Para este ano, a CIG solicitou aumentar o SMI até os 1.253€/mes.**

# Manifesto da CIG diante das eleccións europeas do 9 de xuño

## Participa votando opcións soberanistas e de esquerda

Estamos diante dunha nova convocatoria de Eleccións Europeas, o vindeiro 9 de xuño, nas que as galegas e galegos temos un chamamento a votar porque hai moitas cousas que nos afectan que se deciden en Europa.

Estamos ante unha UE que dende hai anos vimos reivindicando que ten que ser unha Europa dos pobos, solidaria, con xustiza social, que faga fronte a este ilimitado libre mercado e de competencia que representa e que fomenta a precariedade laboral e onde as nacións non temos dereitos.

Mais esta Unión Europea non é unha Europa dos pobos, é máis ben unha unión de mercadores, construída sobre a base dos Estados que precisamente negan os pobos e as nacións que os compoñen. Unha Europa do capital, que afortala o libre mercado e a precariedade laboral. Unha Europa da libre competencia, feita a medida dos poderosos, que nega os dereitos nacionais e subordina calquera dereito social básico ao chamado mercado, impedindo poder vivir dignamente do noso traballo na nosa terra.

Esta Unión Europea vai, crise tras crise, ditándolles aos Estados medidas e políticas neoliberais que os gobernos, sexan de dereita ou de esquerda, acollen e executan con entusiasmo. E cando gobernos que se din de

esquerda aplican a mesma receita, as mesmas políticas de reformas e plans de axustes neoliberais que aplican os gobernos da dereita, o que están facendo é alimentar o fascismo, darlle impulso á ultradereita.

Mais hai un Parlamento con capacidade de decidir as políticas europeas que tanto nos están afectando



a través da axenda que os gobernos -sexa o español ou o galego- levan a cabo. Por iso é moi importante que a representación que teñan pobos e nacións como Galiza sexa acorde á necesidade de facer valer o noso, de defendernos como galegos e galegas, dadas as decisións que se toman alí que poden condicionar o noso futuro.

Xogámonos moito, pero non podemos errar na visión estatal e tan pouco respectuosa cos dereitos das nacións e dos pobos que conforman Europa. Estamos ante unha Europa dos Estados, non das nacións nin dos pobos, dunha

Europa dos mercados, non da xustiza social, e esta visión compártena tanto a dereita como a esquerda española.

Xogámonos moito como traballadores e traballadoras, como maioría social, e como pobo galego, e temos que ser capaces de facer que no Parlamento europeo haxa unha representación galega coa nosa mesma

visión da Europa dos pobos, solidaria e con xustiza social.

A Unión Europea di erixirse en defensora dos dereitos humanos e ao tempo patrocina o xenocidio do pobo palestino co seu apoio inequívoco ao estado sionista de Israel, promovendo o aumento do gasto militar e a submisión á OTAN, mentres aperta fortemente as clases populares a través dos gobernos que impoñen as medidas de reforma e recortes que desde a UE se impulsan para maior beneficio do capital.

Desde a CIG estamos por unha Europa dos pobos e da xustiza social. Por unha Europa ben distinta desta que estamos a padecer. E só mediante o voto se pode conseguir levar ao Parlamento Europeo esta nosa exigencia dunha Europa distinta.

Por iso, diante desta cita electoral do 9 de xuño, desde a CIG cremos que o pobo galego precisa elixir representantes que estean á altura, que traballen por esa Europa social e dos pobos, polo que animamos a participar nestas eleccións votando opcións políticas soberanistas e de esquerdas, porque a vía para parar o fascismo é o soberanismo.

**Estamos ante unha Europa dos Estados, non das nacións nin dos pobos, dunha Europa dos mercados, non da xustiza social.**